



Anexo V

“Traballar con instrumentos agrupados nas UD-UDI para facer o seguimento”

Neste Anexo V ó manual explicaremos un posible protocolo de actuación, para poder traballar cos “instrumentos agrupados” nas UD ou UDI do cartafol, de modo que poida facerse o seguimento co alumnado, ben desde a propia web ou desde a APP para smartphones e tablets.

1.- Requisitos previos:


Antes de nada deberás ter en conta que precisarás ter feito o seguinte:

- Crear un cartafol onde estarán as UD ou UDI (se é o mesmo onde está a programación moito mellor). O ideal sería nomealos do tipo 2017-2018 ou similar, posto que o seguimento do alumnado queda gardado dentro de cada cartafol. Deste xeito o vindeiro curso, se copias as mesmas UD – UDI nun novo cartafol, poderás facer un novo seguimento sen perder os datos anteriores, que estarán no cartafol do curso precedente.
- Ter creado un grupo ou varios grupos de alumnos, para poder facer o seguimento dos mesmos en cada UD ou UDI. Consulta outros apartados do manual de usuario de programación-udis para ver como podes facelo.

O seguimento se faise por Unidade Didáctica, polo que terás que crealas tal como se indica nas seguintes páxinas. Se queres usalo como ferramenta de seguimento pero aínda non tes creadas todas as UD ou UDI, ou ben non queres facelas na aplicación; podes crear unha “UD ou UDI falsa”, que conteña unha única actividade ou sesión e na que escollas os estándares dos que queiras facer o seguimento. Consulta o manual de usuario a cerca de como crear UD - UDI.

2.- Que quero conseguir?:

A idea é poder facer un seguimento dos estándares do currículo, para cada un dos alumnos/as, a través da aplicación programación, ben na súa versión web ou da APP para iOS e Android. Poderás usar diferentes tipos de listas de control ou rúbricas.



Dos estándares avaliados con anecdotario tamén podes facer o seguimento desde o anecdotario online de programación-udis, tanto na versión web como na app para iOS e Android.





3.- Decide como vas a agrupar “os estándares” para facer o seguimento (chamémolas categorías):

O primeiro que deberás facer é decidir como vas a agrupar os estándares para poder avalialos e facer o seu seguimento. Se xa tes creado nun cartafol a programación xa os terás agrupado e decidido como facelo.

Coa aplicación só poderás facer o seguimento dos estándares a avaliar usando lista de control/cotexo ou rúbricas (como xa se comentou tamén os de anecdotario), para o resto de instrumentos deberás empregar outras formas de almacenar as observacións (probos, diario de clase, caderno do alumno...)

Unha vez teñas claro como queres agrupar os estándares por instrumento, e sobre todo que teñas claros cales se avaliarán con listas de control, tal vez sexa interesante que te plantexes se queres organizar os estándares de “lista de control” en categorías.

Por exemplo poderías crear a categoría “exposicións orais”, “redación de escritos”, “traballo en equipo”...

Tamén podes optar por ir asignado listas de control por estándar e “agrupándoos nas UD sobre a marcha”.

4.- Escollendo estándares da UD – UDI en avaliación e “agrupándoos”:

Como xa se comentou anteriormente, para poder facer o seguimento debes ter creadas UD ou UDI, o ideal sería ter creadas tódalas UD e UDI que se leven a cabo ó longo do curso, se ben tamén podes “crear unha UD-UDI falsa cunha única actividade ou sesión, na que escollas os estándares dos que queres facer seguimento.

No apartado AVALIACIÓN das UD ou UDI aparecerán os estándares que escolliches nas actividades ou sesións, e deberás decidir cales avalías e cales non, neste caso é onde entran en xogo as “categorías” que antes creaches:

- 1.- Busca un estándar de cada unha das categorías que deseñaches e asígnalle unha lista de control no botón “engadir a seguimento”, poderás elixir entón entre as listas dispoñibles (círculo azul) e escribe o “nome da categoría” ou aspecto a avaliar no espazo dispoñible (círculo veremello.)



- 2.- No caso das rúbricas, tan só hai que marcalo como rúbricas (frecha verde) e escribir o nome da “categoría” ou aspecto a avaliar.

- 3.- Vai “agregando” a cada estándar xa marcado aqueles outros que se avalíen coa mesma lista de control. (No caso das rúbricas faise desde o apartado rúbrica). Preme no botón AGREGAR en cada un deles (círculo morado) e verás como aparecen “colgados do estand que escolleches de cada categoría”, na parte superior

No caso das rúbricas, ás que se poden agregar estándares no apartado correspondente,





tamén aparecerán “colgados” do estándar escollido ó comezo, de forma análoga.

critério de avaliación:	Indicador/estándar:	Aspectos a observar: Descriptor ou categoría para agregados	Competencias clave	Instrumentos de avaliación	Avallado nas UDIS do cartafol	OPERMER IMPORTAR INCLUIR O MÍNIMO
CN-B2.1 xerar listas de control e rúbrica	1º-CNB2.1.1 - Identifica semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.	EQUILIBRIO	CMCT CSC	lista de control 5 graos + ENCADRAR A SEGUIMENTO + AGREGAR		IMPORTAR rúbrica <input type="checkbox"/> gardado EXPANDIR
	CN-B2.1 1º-CNB2.1.2 - Recoñece partes do propio corpo.		CMCT CSC	Agregado á lista de 1º-CNB2.1.1		<input checked="" type="checkbox"/> DESAGREGAR DA LISTA
	CN-B1.1 5º-CNB1.1.3 - Emprega de forma autónoma o tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou notas etc.).		CCL CSIEE CMCT CD	Agregado á lista de 1º-CNB2.1.1		<input checked="" type="checkbox"/> DESAGREGAR DA LISTA
CN-B1.2 xerar listas de control e rúbrica	1º-CNB1.2.1 - Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.	LATERALIDADE	CAA CMCT CSC CSIEE	lista de control sen nada + ENCADRAR A SEGUIMENTO + AGREGAR		IMPORTAR rúbrica <input type="checkbox"/> gardado EXPANDIR
	LC-B1.1 1º-LCB1.1.1 - Expressa de forma global sentimentos, vivencias e emocións propias. (MÍNIMO: ***Expressa de forma global sentimentos, vivencias e emocións propias.)		CCL CAA CSC	Agregado á lista de 1º-CNB1.2.1		<input checked="" type="checkbox"/> DESAGREGAR DA LISTA
	LC-B1.1 2º-LCB1.1.1 - Expressa de forma global sentimentos, vivencias e opinións.		CCL CAA CSC			<input checked="" type="checkbox"/>

Podes desagregalos, é dicir, escolgalos do estándar inicial, desmarcando a opción correspondente “DESAGREGAR DA LISTA”

Lembra que na opción IMPORTAR, traerás o instrumento que teñas na programación, pero no caso de listas de control terás que escoller “que lista en concreto queres usar”.

5.- Fai o seguimento desde a web ou desde a app “ben por grupo ou individualmente”:

Co traballo anterior realizado para facer o seguimento do alumnado deberás escoller se queres facelo:

- **Por alumno/a:** neste caso elixirás ó alumno/a e cubrirás as listas de control e rúbricas que haxa na UD ou UDI só para el, pero terás que ir cambiando de alumno de cada vez.
- **Por grupo:** Neste caso poderás ir facendo o seguimento de todo o alumnado do grupo nunha táboa pero terás que ir “escollendo a categoría de lista de control” de cada vez.

Desde a versión web escolle a UD- UDI e elixe a opción “seguimento”, desde ahí poderás optar por unha das dúas opcións indicadas.

Desde a APP para iOS ou Android, podes facer seguimento por grupo entrando no apartado de UD-UDIS, elixindo unha e premendo en “seguimento do grupo”. Podes facer seguimento por alumno/a entrando no apartado “alumnado”, escollendo o alumno/a e premendo o botón “seguimento de UD-UDIS” (onde terás que elixir para que UD-UDI queres facelo – lembrará esta elección para o próximo alumno/a que elixas)

6.- Resultados “cualitativos”: gradación de cores:

Os resultados do seguimento non se dan en valores cuantitativos, é dicir non se asigna unha nota numérica, senón que se ofrecen dun modo “visual” e cualitativo baseado nunha gradación de cores.

Esta gradación vai desde o vermello (menos valoración) ata o verde (máis valoración), asignando un “cadrado” de cor para cada lista de control ou rúbrica dentro da UD-UDI, é dicir obteremos unha valoración





gráfica de cada alumno/a “para cada UDI”

Así por ejemplo podemos atoparnos o seguinte:



A diferencia en ámbolos casos e visual.

Sempre haberá “10 cadrados” que se repartirán de forma equitativa entre as listas de control e rúbrica que haxa na UD-UDI, asignándolle unha gradación de vermello a verde segundo as opcións que teña cada lista en concreto.

As listas das que non se fixo aínda seguimento aparecerán marcadas de cor “gris”.

Poderás ver estes resultados entrando no apartado “cualificar” dentro de calquera UDI desde a web, ou no apartado “alumnado e grupos” > seguimento UD-UDIS, desde a APP.

7.- Recuperar os datos de seguimento na “cualificación do alumnado por áreas”

Cando uses a opción “cualificar alumnado” (na lapela programación e currículo) dentro do mesmo cartafol onde están as UD, poderás recuperar estes “valores gráficos” para telos en conta á hora de dar unha cualificación numérica.

Tan só escolle un trimestre, e preme no “ollo” ó lado da lista de control, e verás o indicativo de cor de cada estándar. Esta cor sae do resultado obtido nas diferentes UDIs nas diferentes listas de control las UD-UDI marcadas para ese trimestre.

Instrumento agrupado	Peso no curso	Peso no 1º trimestre	cualificación	recuperación
Observación sistemática Lista de control/cotexo <ul style="list-style-type: none"> 6º-LEC-RO-B.2.1.1-Crear un esquema ou diagrama básico, de forma clara e limpa, para planificar as accións que debe facer e programarse no m-bot. 6º-LEC-RO-B.3.1.1-Plantexa hipóteses creativas ante un reto robótico, explicando de forma oral e gráfica os resultados que cre sucederán e anticipando posibles problemas que poidan xurdir 	20%	20 %	8	

Para poder ver isto terás que ter no cartafol, agrupados por instrumentos como lista de control, os mesmos estándares que logo agrupaches na UD ou UDI.

